FOLGA XERAL POLA VIVENDA · 11N

Para terceiro sector

NON SE PODE COMBATER A EXCLUSIÓN SOCIAL SEN GARANTIR O DEREITO Á VIVENDA

11



poderinquilino.org

FÍO DO RELATO

Sen vivenda non hai inclusión

↓

Non basta con atender as consecuencias: hai que cambiar as causas

↓

Defender dereitos sociais é defender o dereito á vivenda

↓

Organización e resposta colectiva

FOLGA XERAL POLA VIVENDA

11N · Paramos o país

CONFEDERACIÓN DE SINDICATOS DE INQUILINAS

poderinquilino.org

baixo un teito digno non dependa da capacidade de enriquecimiento de ninguén. Os dereitos garántense colectivamente e a vivenda tamén.

NON SE PODE COMBATER A EXCLUSIÓN SOCIAL SEN GARANTIR O DEREITO Á VIVENDA

Non podemos falar de inclusión social mentres haxa persoas que non saben se poderán pagar o alugueiro o mes que ven. Non podemos falar de autonomía cando unha suba do alugueiro pode botar abaixo anos de acompañamento social. A vivenda é a base de calquera proxecto de vida e garantila é unha condición imprescindible para combater a exclusión. Por isto, defender o dereito á vivenda tamén é defender o traballo do Terceiro Sector.

NON PODEMOS DEDICAR OS NOSOS RECURSOS A PARCHEAR UNHA EMERXENCIA QUE TEN CAUSAS ESTRUTURAIS

As entidades sociais non podemos pasar a vida recollendo os anacos que deixa a crise da vivenda. Non basta con atender a unha familia despois dun desafiuzamento, se non facemos nada para evitar o seguinte. Necesitamos recursos para acompañar ás persoas, pero tamén cambios estruturais que impidan que a vivenda siga xerando pobreza e exclusión. A mellor política social é aquila que evita que as persoas caian na exclusión.

QUEN DEFENDEMOS OS DEREITOS SOCIAIS TEMOS QUE DEFENDER TAMÉN O DEREITO Á VIVENDA

Se defendemos os dereitos socias, temos que defender tamén o dereito á vivenda. Non podemos tratar a vivenda como un problema alleo cando condiciona a vida das persoas ás que acompañamos cada día. O 11 de novembro temos a oportunidade de unir forzas para reclamar que vivir